



Estimados amigos do I.E.S. de TOMIÑO

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, pola presente, desexa manifestar ao alumnado, profesorado e persoal, así como a asociación de pais e nais do IES de Tomiño o seu agradecemento e o máis sincero agarimo polo seu comportamento na Carreira Solidaria a prol dos nen@s do Sahara, onde aportastes 116,60 Euros para que poidan acudir cada verán á nosa Terra Galega.

A **carreira solidaria** que celebrastes a prol do noso labor , no que tan necesitados estamos de fondos, fainos crer que neste labor solidario de axuda a estas persoas tan necesitadas de colaboración non estamos sós. O cal nos dá moito ánimo para seguir a traballar polo ben de quen tanto sofre. Como así sucede co pobo saharauí, a quen lle foron arrebatadas as súas terras, e viven acollidos nos campamentos de refuxiados. Alí carecen de alimentos , medicamentos e outras tantas cousas de primeira necesidade.

Seguiremos traballando con ilusión a prol destes pobos que sofren, e duns nenos e nenas que eran fillos de españois, pero que foron abandonados, por escuros intereses de outros países invasores. O cal agora téñeno que pagar unhas persoas inocentes que nunca fixeron máis mal que viviren pacificamente en liberdade.

Con actos coma os do IES de Tomiño sentímonos con máis forza para seguir traballando pola paz e a convivencia das persoas que sofren como lle sucede ao pobo saharauí.

Moitas grazas pola vosa aportación solidaria e ficades no noso corazón coma uns moi bos amigos que non imos esquecer. Unha aperta a todos e todas, que vos transmitimos en nome noso e de todo o pobo saharauí.

En Vigo a 5 agosto do 2012

Asdo. Maite Isla . Presidenta da Asociación SOGAPS

